O Corgo, 13 de marzo de 2019.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González.

R. 0742

COSPEITO

Anuncio

Aprobada inicialmente por o Pleno da Corporación en data 7 de marzo de 2019 a seguinte ordenanza:

Regulamento do Control Interno na súa modalidade de Fiscalización e Intervención previa limitada.

Sométese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automáticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Cospeito 11 de marzo de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0711

FOZ

Anuncio

Aprobado inicialmente, por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2019, o inventario de bens inmobles municipais coas modificacións propostas, sométese o expediente a información publica durante o prazo de quince día naturais.

Durante devandito prazo poderá ser examinado o expediente por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Foz, 12 de marzo de 2019.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 0712

O PÁRAMO

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 28 de Xaneiro de 2019, aprobouse definitivamente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN O PÁRAMO , o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN O PÁRAMO

Artículo.3-Requisitos para as operación de saca de madeira

Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo dos permisos ou autorizacións sectoriais que , conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais, dentro do municipio de O Páramo cun peso estimado superior a 10 toneladas métricas,será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas. O medio elixido pola persoa para comunicarse coas Administracións Públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

a)As persoas xurídicas.

b)As entidades sen personalidade xurídica.

Anuncio publicado en: Num BOP 63 año 2019 (16/03/2019 08:00:00)

c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

d) Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

e) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.

O Concello do Páramo ten habilitada para esta finalidade a Sede Electrónica na dirección

http://concellodeparamo.sedelectronica.gal.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

1.- Datos identificativos do propietario forestal e do madeireiro:

-Persoa física: Nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.

-Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome eapelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.

2.- Especie de madeira obxecto da corta. Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

3.- Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa. Identificación en plano catastral.

4.- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

5.- Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.

6.- Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.

7.- Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.

8.- Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de saca de madeira.

9.- De ser o caso, fotocopia compulsada de permiso,autorización ou licenza de corta expedida pola autoridade competente.

10.- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro estas características, deberá facelo constar así expresamente no escrito de comunicación que presente, e prestar garantía mediante fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no art. 5º

O Concello de O Páramo terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa.

O Concello de O Páramo requirirá ao madeireiro, ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Art. 5º.- Responsabilidade

.- O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O concello de O Páramo velará especialmente para que as ditas operacións de saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e éstas queden en axeitado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia neste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta

, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e en xeral polos cometidos por aquelas persoas de que deba responder.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar, que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación do vial afectado, etc.).

Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madereiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais

Anuncio publicado en: Num BOP 63 año 2019 (16/03/2019 08:00:00)

Disposición final

.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata quese acorde a súa modificación ou derogación expresa

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Páramo, 11 de marzo de 2019.- O Alcalde, Gumersindo Antonio Rodríguez Liz.

R. 0713

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 1/03/2019 , o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **FEBREIRO** de 2019, polo importe total de **2.340,94 €.**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

O Páramo, 8 de marzo de 2019.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz.

R. 0714

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de febreiro de 2019 o proxecto da obra: "*Rexeneración mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a Muxén-Os Vaos, acceso a Barangón, acceso ao Miradoiro de Barangón e estrada de Navallos – A Vara – límite municipal*", cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de 317.930,54 euros e 66.765,41 euros de IVE (Total: 384.695,95 euros).

Por medio do presente expónse ó público o proxecto antedito, polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes.

Ribeira de Piquín, 7 de marzo de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0715

VILALBA

Anuncio

De conformidad con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de tasas por los servicios de suministración de agua, conservación de contadores, saneamiento, canon del agua, coeficiente de vertidos y recogida de basuras de la zona urbana, conforme a lo establecido en la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, en la ordenanza nº 11 reguladora de la de la red de alcantarillado, en la ordenanza nº 16 reguladora de la tasa por servicios de distribución de agua y utilización de contadores e instalaciones análogas y el Decreto 136/2012 por el que se aprueba el reglamento del canon de agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales, correspondiente al **4º trimestre del ejercicio 2018**, aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el **01/03/2019**

El referido Padrón queda expuesto al público en la oficina de ESPINA Y DELFÍN S.L, sita en la C/ Campo de Puente, nº 85, bajo, en horario de 9:00 a 13:00 horas de lunes a viernes, el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las liquidaciones objeto de notificación colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de

Anuncio publicado en: Num BOP 63 año 2019 (16/03/2019 08:00:00)